

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

- 4179** *Corrección de erros do Real decreto 81/2014, do 7 de febreiro, polo que se establecen normas para garantir a asistencia sanitaria transfronteiriza, e polo que se modifica o Real decreto 1718/2010, do 17 de decembro, sobre receita médica e ordes de dispensación.*

Advertidos erros no Real decreto 81/2014, do 7 de febreiro, polo que se establecen normas para garantir a asistencia sanitaria transfronteiriza e polo que se modifica o Real decreto 1718/2010, do 17 de decembro, sobre receita médica e ordes de dispensación, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 34, do 8 de febreiro de 2014, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 18, na disposición adicional segunda, alínea k), primeira e segunda liñas, onde di: «Regulamento (CE) n.º 859/2003 do Consello, do 14 de maio de 2003, polo que se amplían as disposicións do Regulamento (CEE) e do Regulamento (CEE) n.º 574/72 aos...», debe dicir: «Regulamento (CE) n.º 859/2003 do Consello, do 14 de maio de 2003, polo que se amplían as disposicións do Regulamento (CEE) n.º 1408/1971 e do Regulamento (CEE) n.º 574/1972 aos...».

Na páxina 23, na disposición derradeira primeira, punto tres, no artigo 15 bis que se engade, número 2, letra d), nas liñas terceira e oitava, onde di: «... do 6 novembro 2001...», debe dicir: «... do 6 de novembro de 2001...».